

ENTREVISTAMOS A

IGLESIAS

A VIDA NON FOI FACIL PARA JOSÉ IGLESIAS. FAME, EMIGRACIÓN, PERSECUCIÓN... NESA LOITA FORXOU O SEU PENSAMENTO CRÍTICO SOBRE O MODELO SOCIAL. TEN CLARAS AS FERRAMENTAS COAS QUE POÑER FIN ÁS DESIGUALDADES. ORGULLOSO DA SÚA ORIXE OURENSÁ VOLVE A REENCONTRASE CO RAPAZ QUE MEDROU NA PRAZA DO CORREXIDOR, NA CIDADE QUE O 18 DE XANEIRO ESTREARÁ UN DOCUMENTAL SOBRE A SÚA VIDA.

traballaba nunha cristalería que se chamaba Unión Cristalería. Naquel tempo tamén estaba na coral de Ruada.

¿ESCOLLEU O TRABALLO O FOI O TRABALLO QUEN LLE ESCOLLEU A VOSTEDE?

Tiven moitos traballos. Ademais de cristaleiro, recollín froita, recollín lixo, freguei pratos, fun pinche nun aserradeiro, traballei recauchutando neumáticos...

E AS SÚAS INQUEDANZAS SOCIAIS ¿ONDE NACERON?

En Bilbao. Alí vivía nun barrio de chabolas. Foi onde comecei a implicarme nos movementos obreiros. Mesmo creamos unha escola. Alí coñecín a miña muller, estudei o bacharelato elemental e logo fomos a Londres. Non querían dar-me o pasaporte porque pensaban que se o tivese xa non volvería a España. Ao final convencínnos de que necesitaba aprender inglés para seguir os meus estudos. A través dunha persoa conseguín que un hospital me fixese un contrato de traballo co cual xa me permitía ter un permiso de residencia. Traballaba durante o día e estudaba polas noites, facendo o bacharelato inglés. Logo empecei os meus estudos universitarios, sempre con becas, primeiro na London School, logo en Oxford, no John Rusking College e rematei licenciandome en Ciencias Económicas na Middlesex University of London.

IMAXINO QUE A DIFERENCIA DE NIVEL E CALIDADE DE VIDA ERA MOI GRANDE DAQUELA ENTRE ESPAÑA E INGLATERRA

Moi grande si. Pero tamén había moitas cousas sobre as que reflexionar. Por exemplo. Decateime de que se a nosa pretensión era cambiar a sociedade, os sindicatos dende logo non eran as ins-

titucións idóneas para facer ese cambio social, xa que formaban parte do propio sistema e negociaban en representación dos traballadores para poder sobrevivir como organismos pero dentro do propio sistema.

FOI PIONEIRO NA DEFENSA DA RENDA BÁSICA COMO DEREITO UNIVERSAL ¿COMO FOI DESENVOLVENDO ESTE CONCEPTO?

Ao principio pensaba na renda básica como unha maneira de combater as desigualdades e a pobreza. Como unha especie de subsidio. Logo fun profundizando máis no tema, era unha cuestión que requería de moito traballo, como por exemplo dirimir cales serían as fontes de financiación. E a partir da década de 1990, empecei xa a pensar na renda básica como un dereito universal do individuo. Houbo moita oposición, sobre todo en sindicatos e partidos de esquerdas, que pensaban que ía ser unha maneira de fomentar vagos, que o que verdadeiramente dignificaba ao home era o traballo. A min eso parecía que non tiña sentido. O traballo sempre leva parella a explotación, porque o salario sempre é a diferenza entre o beneficio que produce o traballo e a plusvalía que se leva o empresario. A renda básica ten que ser individual, un dereito que se percibe polo feito de nacer, polo que desaparecerían subsidios como o desemprego ou as pensións de xubilación etcétera. Ten que ser de contía suficiente como para poder desenvolver unha vida digna e non é incompatible co traballo cando chega a idade de traballar. Pero o feito de non ter que verse abocado a traballar por necesidade tamén plantexa a posibilidade de que a actividade laboral sexa moito máis gratificante.

¿CÓMO CONCIBE ESA RENDA, ESE

PAGO INDIVIDUAL?

A partires dunha cantidade suficiente para garantir que se cubran as necesidades individuais. Por iso unha parte da renda ten o destino individual e outra, un destino colectivo, para atender cuestións como a educación, a sanidade, etcétera. Ten que haber unha transición, non pode ser un proceso rupturista.

NALGÚN DOS SEUS ESCRITOS LEÍN QUE ERA VOSTEDE BASTANTE CRÍTICO CO SISTEMA DEMOCRÁTICO ¿CAL É O SEU MODELO?

Para mín a clave está no municipalismo, no comunalismo. Trátase dunha democracia participativa de proximidade. A democracia vai perdendo o seu sentido a medida que as estruturas organizativas se apartan do cidadán.

E UN MODELO MÁIS PROPIO DE BAKUNIN QUE DE MARX. ¿NON LLE PARECE?

Sin duda. Eu son máis próximo ao anarquismo que ao marxismo. Marx, con todos os seus defectos e contradicións foi quen de crear un sistema para explicar a realidade. Foi quen mellor explicou o que representa o capitalismo. Así, para entender o mundo, Marx. Pero para construír un mundo novo, penso en Bakunin. O que formulou Marx da dictadura do proletariado non ten sentido. O socialismo de Bakunin ten ese compoñente comunalista e de proximidade que eu entendo que é máis axeitado. Precisamente hai pouco tempo escribín un artigo sobre este asunto titulado “¿Por que non autarkeia en vez de democracia?

VOLVENDO A SÚA RELACIÓN CON OURENSE. ¿RECUPEROUNA TRAS A SÚA LONGA AUSENCIA?

Estiven trinta anos sen vir por aquí. A primeira vez que volví,



—
Volver a Ourense é volver á miña infancia
—

lembro que era un día do Corpus. Púxenme na porta da Catedral, esperando a saída da xente e dinme de conta de que non coñecía a ningún e eso afundiame. Era como si non fose nadie, se non tivera pasado. Por unha banda pensaba en min como adulto, o home que era, e neno que fora. Era como si ese neno deixara de existir. Despois fun recuperando esa relación co meu pasado, a través de periódicas visitas. Paso uns días de vacacións coa miña familia e o fago practicamente todos os anos. Menos o ano pasado que pola pandemia non puidemos movernos, volví a recuperar ese contacto e a ese neno que fun e que representa para mín Ourense.